

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO ABERTO CON TRAMITACIÓN ORDINARIA PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE CONCURSO DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO EN PERIODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DO CONCELLO DE CAMBADOS.

1.- DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO: A contratación, mediante concurso con procedemento aberto e tramitación ordinaria dunha asistencia técnica para a realización dos traballos de xestión e recadación das multas de tráfico en período voluntario e executivo do Concello de Cambados e con suxeición ao establecido nos pregos reguladores de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

2.- NECESIDADES A SATISFACER: Mellorar a xestión dos procedementos e a calidade do servizo prestado ao contribuínte, tendo en conta que a recadación é un instrumento ao servizo da política económica municipal.

3.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA.-

- 1- Dos ingresos efectuados en concepto de multas de tráfico en período voluntario, corresponderalle ao contratista unha porcentaxe equivalente ao 20% do recadado e xestionado pola empresa (IVE incluído)
- 2- Se os ingresos se efectúan en vía de constrinximento, corresponderalle ao contratista unha porcentaxe equivalente ao 35% do principal recadado (IVE incluído).

- **PREZO BASE:** O Prezo Base indicativo deste contrato según os antecedentes contables para unha duración inicial de dun ano é de 38.545,00 Euros (IVE incluído), sendo de 154.180,00 Euros en caso de esgotarse as prórrogas. O presente prezo é indicativo aos efectos de determinar o procedemento e forma de adxudicación procedente e a esixibilidade ou non de publicidade comunitaria.

4.- REVISIÓN DE PREZOS: De conformidade co establecido no art. 103 do RDL 2/2000, de 16 de xuño, non procede a revisión de prezos no presente contrato, en consideración ao réxime retributivo establecido na cláusula terceira do presente prego.

5.- CRÉDITO ADECUADO E SUFICIENTE PARA O SEU FINANCIAMENTO: As obrigas económicas do contrato que se derivan para a Administración serán financiadas con cargo ao crédito existente na partida 121.227.02 do orzamento do 2006, actualmente vixente, segundo o certificado da Intervención municipal.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO: O prazo de execución do contrato será DUN ANO. O prazo contractual poderase prorrogar por mutuo acordo das partes, sen que a duración total do mesmo incluídas as prórrogas poida exceder de catro anos, de conformidade co establecido no art. 198 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, non admitíndose a prórroga tácita do contrato.

7.- PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: O contrato adxudicarase mediante concurso con procedemento aberto e tramitación ordinaria.

8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, por sí ou por medio de representantes, que teñan plena

capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional e que non se atopen incursas nalguna das circunstancias que se enumeran no art. 20 do TRLCAP. Igualmente se esixe estar ao corrente no pagamento das cargas sociais e no cumprimento das obrigas tributarias estatais e do Concello de Cambados.

9.- AGRUPACIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS: A Administración poderá contratar con agrupacións temporais de empresas (U.T.E.) que se constituían temporalmente para o efecto, de conformidade con establecido no art. 24 do TRLCAP. No suposto de resultar adxudicataria deberá de formalizar a mesma en escritura pública, dentro do prazo de 15 días seguintes á notificación da adxudicación.

10.- CLASIFICACIÓN EMPRESARIAL OU CRITERIOS PARA DETERMINAR A SOLVENCIA DO CONTRATISTA: De conformidade co establecido no art. 25 do TRLCAP de 16 de xuño, non se esixe clasificación ao contratista. Os licitadores deberán xustificar a solvencia técnica, financeira e económica de conformidade có establecido na cláusula 15-c) e d) deste prego, onde se establecen os criterios de selección para os candidatos que se terán en conta para admitir as propostas presentadas.

11.- PUBLICIDADE E GASTOS: O concurso con procedemento aberto obxecto do presente prego anunciarase no Boletín oficial da provincia e máis no Diario Oficial de Galicia.

O adxudicatario deberá aboar antes da formalización do contrato en documento administrativo, os gastos de publicidade da licitación.

12.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN: As empresas interesadas teñen á súa disposición, ata o día anterior ao de remate do prazo de presentación de proposicións, no Servizo de Contratación do Concello de Cambados (Praza do Concello, 1 36630 Cambados, teléfono 986.52.09.02, fax 986.52.48.66), toda a documentación necesaria para poder formular a súa oferta (pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares).

13.- GARANTÍA PROVISIONAL: Para tomar parte na licitación é preciso constituír unha Garantía Provisional por importe de 770,10 euros equivalente ao 2% do presuposto da licitación, que será devolta aos licitadores trala proposta de adxudicación.

14.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS: As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse de 9 a 13 horas no Rexistro Xeral do concello de Cambados, no prazo de quince (15) días naturais contados a partires do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación, sexa ésta no DOG ou no BOP. Os licitadores deberán presentar as proposicións debidamente pechadas e asinadas, acompañadas da documentación e cos requisitos esixidos no presente prego. Cando a proposición se envíe por correo, o empresario deberá xustificar, dentro do prazo para a presentación de proposicións, a data de imposición do envío e anunciar ao órgano de contratación a súa remisión mediante telegrama ou fax. Se en 5 días dende a data de terminación do prazo non se tivese recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

15.- DOCUMENTACIÓN: O licitador presentará a documentación en dous sobres pechados, identificados no seu exterior con indicación expresa da licitación á que concorren, debidamente asinados polo licitador ou o seu representante, con indicación de nome, apelidos e razón social, a documentación que, de seguido, se relaciona. A documentación deberá estar numerada e relacionada en folla independente con indicación dos folios aos que corresponde:

SOBRE “A” SUBTITULADO “DOCUMENTACIÓN”.

a) Para acreditar a capacidade xurídica:

- Fotocopia do DNI ou NIF para os empresarios individuais e escritura pública de constitución ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil para persoas xurídicas, cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil; se non o fora, a acreditación realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, inscritos no seu caso no correspondente rexistro oficial e DNI ou NIF do representante da empresa. Ademais as empresas que se presenten deberán ser persoas físicas ou xurídicas con finalidade ou actividade relacionada directamente co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente e dispoñer dunha organización para a debida execución do contrato.
- Poder debidamente bastantado polo Secretario da Corporación cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, acompañado de declaración xurada do representante na que conste que o poder outorgado continúa en vigor ao día da data de presentación da proposición.

Estes documentos deberán ser orixinais ou copias autenticadas en forma legal.

b) Para acreditar a capacidade do licitador para contratar coa Administración:

1. Declaración responsable de non atoparse comprendida a empresa ofertante en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 20 do TRLCAP e de que a persoa física ou os administradores da persoa xurídica non se atopan en ningún dos supostos da Lei 12/1995, sobre Réxime de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e Altos Cargos da Administración Xeral do Estado ou da Lei 53/1984, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral.
2. Acreditación de estar a empresa ofertante ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias por concorrer as seguintes circunstancias:
 - a) Estar dada de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerzan actividades suxeitas a este imposto, en relación coas actividades que veñan realizando á data de presentación das proposicións, que lles faculte para o seu exercicio dentro do ámbito territorial no que as exerza. Esta circunstancia acreditarase mediante a presentación da alta referida ao presente exercicio ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do IAE.
 - b) Ter presentado, se estivesen obrigadas, as declaracións polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, Imposto sobre a Renda dos non Residentes ou do Imposto sobre Sociedades, segundo se trate de persoas ou entidades suxeitas a un destes impostos, así como as correspondentes declaracións dos pagamentos fraccionados, ingresos a conta e retencións que en cada caso procedan.
 - c) Ter presentado, se estivesen obrigadas, as declaracións periódicas polo Imposto sobre o Valor Engadido, así como a declaración resume anual.

- d) Non ter débedas de natureza tributaria co Estado en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.
- e) Non ter débedas co Concello de Cambados.

As circunstancias indicadas nos puntos b) e c) deberán referirse ao período dos doce meses precedentes ao mes inmediatamente anterior á solicitude da certificación, as circunstancias indicadas nos puntos b) e e) acreditaranse mediante a presentación pola empresa ante o órgano de contratación da certificación positiva.

- 3. Acreditación, mediante declaración ou certificación positiva, de esta-la empresa ofertante ao corrente das obrigas coa Seguridade Social por concorrer as seguintes circunstancias:
 - a) Estar inscrito no sistema da Seguridade Social e, no seu caso, se se tratase dun empresario individual, afiliado e en alta no réxime da Seguridade Social que corresponda por razón da actividade.
 - b) Ter afiliado, no seu caso, e ter dado de alta aos traballadores que presten o seu servizo nas mesmas e estar ao corrente no pagamento das cotas ou doutras débedas coa Seguridade Social.
 - c) Ter presentado os documentos de cotización correspondentes ás cotas de Seguridade social, se procedese, dos conceptos de recadación conxunta coas mesmas, así como das asimiladas a aquel a efectos recadadores, correspondentes aos dous meses anteriores á data de solicitude da certificación.

Os documentos acreditativos do cumprimento das circunstancias sinaladas nesta declaración deberán ser presentados polo empresario proposto pola Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato no prazo de cinco días naturais a contar desde o requirimento formulado pola administración, se non se acompañaran á proposición.

c) Para acreditar a solvencia económica e financeira do licitador:

O licitador deberá xustificar a solvencia económica e financeira da empresa mediante declaración relativa á cifra de negocio global realizado pola empresa no curso dos tres últimos exercicios, relacionados co obxecto do contrato.

d) Para acreditar a solvencia técnica:

Para acreditar a solvencia técnica, o licitador deberá presentar unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, relacionados co obxecto do contrato, indicando o importe, datas e beneficiarios dos mesmos, o que acreditará mediante a presentación dos correspondentes certificados ou documentación acreditativa que deberá ser orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

Non serán seleccionadas as empresas que non acrediten a prestación de servizos relacionados co obxecto do contrato durante os últimos tres anos.

e) Especialidades para os contratistas estranxeiros:

1. Documentos que acreditan a súa capacidade de obrar. Cando se trata de empresarios membros da Comunidade Europea, será suficiente acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial ou presentación das certificacións que se indican no anexo 1.3 do RD Lex. 1098/2001 cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar coa certificación expedida pola Comisión Diplomática Permanente ou Oficina Consular do lugar do domicilio da empresa, na que conste que figuran inscritas no Rexistro Local, Profesional, Comercial ou análogo de que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades obxecto do presente contrato. Ademais deberá acompañarse informe da Misión Diplomática Permanente de España sobre a condición de Estado signatario do Acordo dobre Contratación Pública da Organización mundial do Comercio.
2. Informe de reciprocidade. As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Comunidade Económica Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva representación diplomática española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga (art. 23.1 LCAP). Nos contratos de Consultoría e Asistencia Técnica de contía igual ou superior á sinalada no art. 204.2 deberá prescindirse deste informe de reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 32.1 LCAP).
3. Solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Os empresarios de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten, no seu caso, ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, conforme aos art. 16 e 17 LCAP, así como a súa inscrición no rexistro profesional ou comercial nas condicións previstas pola lexislación do Estado onde están establecidas (art. 25.2 LCAP)
Os certificados de clasificación ou documentos semellantes que teñan sido expedidos por estados membros da Comunidade Económica Europea a favor dos seus propios empresarios constitúe unha presunción de capacidade fronte aos diferentes órganos de contratación en relación coas letras b) e c) do art 16.1; letras b) e d) do art. 17; letras b), c), e) e i) do art. 20 (art. 26.3 LCAP).
4. Empresas estranxeiras non comunitarias. As empresas de Estados non pertencentes á Comunidade Económica Europea deberán ter aberta sucursal en España con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil (art. 23.1 LCAP).

SOBRE “B” OFERTA ECONÓMICA:

Proposición de acordo co modelo recollido neste prego na que o licitador concrete a oferta económica:

MODELO DE PROPOSICIÓN.

D. (Nome e apelidos da persoa individual que solicita), con DNI núm. _____, en nome propio (ou en representación de _____), con domicilio en _____, a efectos de notificacións, participa no concurso convocado para a adxudicación da asistencia técnica consistente nos servizos complementarios de colaboración na xestión e recadación en períodos voluntario ou executivo de e para a xestión e

recadación en períodos voluntario e executivo das multas de tráfico do Concello de Cambados, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial de Pontevedra, ou DOG núm.____, de data ____ de _____ de ____ e comprométese a executar os citados traballos, con estricte suxeción aos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, que acepta integramente, ofertando os seguintes prezos como retribución dos traballos a realizar tendo en conta os conceptos e retribucións máximas establecidas na base 10 do prego de prescricións técnicas e 3ª do prego de cláusulas administrativas particulares, (indícase a porcentaxe ofertada por cada concepto).

Data e sinatura do proponente.

O licitador acompañará á oferta económica toda a documentación que estime oportuna en orde a valorar a súa oferta en relación cos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 19 deste prego, debendo presentar a relación de medios materiais e humanos que se empregarán na execución dos traballos, facendo mención expresa da súa titulación e cualificación profesional.

16.- MESA DE CONTRATACIÓN: A mesa de contratación estará presidida polo Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue e formarán parte da mesma, o Xefe da Policía Local, o Secretario Xeral, o Interventor o Tesoureiro municipais.

17.- APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN: Constituída a Mesa de Contratación o presidente ordeará a apertura dos sobres que conteñen a documentación que figure nos mesmos. Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicárase verbalmente aos interesados concedéndolles un prazo de tres días hábiles para a subsanación, sen prexuízo do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello da acta da mesa de Contratación na que conste o resultado da apertura.

Cualificada a documentación e resoltos, no seu caso, os defectos ou omisións, a Mesa procederá a declarar as admitidas e rexeitadas con expresión das causas do rexeitamento.

18.- APERTURA DAS PROPOSICIÓNS: O acto de apertura das proposicións será público e terá lugar, no suposto de que non se comunique a remisión de proposicións por correo, no Salón de Sesións da Casa do Concello, o terceiro día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación, ás 12,00 horas, e, se cadrara en sábado, o día seguinte hábil; se existisen comunicacións rexistradas dentro de prazo, a Mesa reunirse o décimo día hábil seguinte ao de terminación do prazo, ás 12,00 horas, e se cadrara en sábado, trasladarase ao seguinte día hábil. A Mesa de Contratación formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta que teña resultado máis vantaxosa das presentadas e admitidas como resultado de aplicar os criterios de selección establecidos neste prego. A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do empresario, en tanto non se proceda á adxudicación polo órgano de contratación, podendo a Mesa solicitar cantos informes técnicos se consideren precisos e se relacionen co obxecto do contrato antes de formular a súa proposta.

Efectuada, pola Mesa de Contratación a proposta de adxudicación ao órgano de contratación, darase traslado da mesma aos licitadores ao obxecto de que no prazo máximo de dous días hábiles formulen as alegacións que estimen pertinentes.

19.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN: Os criterios que servirán de base para a adxudicación serán os seguintes:

1. Redución das porcentaxes establecidas como retribución máxima para o adxudicatario, ata un máximo de 20 puntos distribuídos do seguinte xeito:

- A razón de 1 punto por cada 1% de baixa sobre o 20% da recadación en período voluntario e 1 punto por cada 1% de baixa sobre o 35% do principal recadado en período executivo.
2. Memoria da Organización deste contrato que comprenda os medios persoais e materiais adscritos ao servizo polo licitador. A valoración efectuarase tendo en conta a metodoloxía organizativa (plan de traballo), curriculum e experiencia do persoal que dedique nas labores obxecto do contrato, así como a solución tecnolóxica proposta en relación á cláusula novena do prego de prescricións técnicas. Ata un máximo de 10 puntos.
 3. Ofrecer un servizo persoal de atención ó infractor no Concello de Cambados, a b menos unha mañá a semana. Ata un máximo de 20 puntos.
 4. Melloras relativas ó servizo da Policía Local, tales como a dotación de equipos informáticos que tendan a melloral a prestación do servizo. Ata un máximo de 20 puntos.
 5. Outras melloras non previstas expresamente no presente prego, que permitan unha óptima calidade na prestación da xestión recadadora. No presente apartado valorarase entre outras cuestións, a capacidade da empresa ofertante en aportar solucións e servizos de comunicación con contribuíntes e terceiros, conexión con entidades bancarias e organismos, xestorías, notaría, horarios de apertura das oficinas, etc. e en xeral todo aquilo que redunde en mellorar a calidade na prestación do servizo. Ata un máximo de 10 puntos.

20.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: O órgano de contratación adxudicará o contrato, no prazo máximo de un mes a contar desde o día seguinte ao acto da apertura de ofertas, a favor da proposición máis vantaxosa que poida ser cumprida a satisfacción da Administración, como resultado da aplicación dos criterios de adxudicación, podendo a Administración declarar deserto o concurso.

21.- GARANTÍA DEFINITIVA: O adxudicatario, no prazo de quince (15) días naturais dende a data da notificación e como requisito previo e necesario para a formalización do contrato, deberá constituír na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 1.542,00 Euros, en calquera das formas admitidas no artigo 36 do TRLCAP, debendo axustarse e cumprir as condicións esixidas nos artigos 55 a 58 do Real Decreto 1098/01 e na súa redacción aos modelos recollidos nos anexos III, IV, V e VI do mencionado texto legal. No suposto de que garantía definitiva se constituía mediante aval aquel, deberá estar necesariamente intervido.

22.- PERFECCIONAMENTO E FORMALIZACIÓN: O contrato perfeccionarase coa adxudicación materializada polo órgano de contratación formalizándose en documento administrativo ante o Secretario da Corporación dentro do prazo de trinta días naturais a contar dende o día seguinte á notificación da adxudicación.

23.- INSPECCIÓN TÉCNICA DA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS: Os traballos serán supervisados polo Tesoureiro municipal, debendo cursar as instrucións ao contratista da seguinte maneira: todas aquelas ordes que sexan consecuencia normal do desenvolvemento dos traballos e se axusten aos pregos aprobados pola Corporación serán dadas verbalmente ou, no seu caso, quedará constancia das mesmas no libro de ordes. Todas aquelas ordes da dirección que supoñan unha modificación do contrato aprobado ou teñan consecuencias económicas respecto ao orzamento aprobado deberán ser cursadas ao contratista de forma escrita, sempre e cando, previamente, os gastos que se deriven foran autorizados polo órgano de contratación.

24.- OBRIGAS DO CONTRATISTA: O adxudicatario queda obrigado a executar os traballos con estricte suxeición ás estipulacións contidas nos pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares que serve de base ó contrato, así como ao estricte cumprimento de cantas disposicións de carácter laboral e fiscal sexan de aplicación ao contrato.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que deduzan para a Administración ou para terceiros por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

25.- OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL: A Administración municipal está obrigada ao pago do prezo pola realización dos traballos contratados nos termos establecidos no contrato que se formalice e sempre de acordo co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o Regulamento para a súa aplicación. Ademais a Administración porá a disposición do adxudicatario aquela información que estea no seu poder e que sexa necesaria para a realización do traballo.

26.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL: A Administración municipal terá a facultade de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que poidan xurdir no seu cumprimento, modificar o mesmo por razóns de interese público e acordar a súa resolución de conformidade co establecido no art. 59 do RD Lex 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o TRLCAP.

27.- RISCO E VENTURA: O contrato executarase a risco e ventura do contratista. Durante o desenvolvemento dos traballos e ata que se cumpra o prazo de garantía o contratista é responsable da execución dos traballos contratados e das faltas que neles houbese.

28.- IMPUTACIÓN DE GASTOS AO CONTRATISTA: Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos:

1. Os tributos estatais autonómicos e municipais que deriven do contrato de execución de obra, incluído o IVE.
2. Os dos anuncios de licitación do concurso.
3. Os demais gastos referentes ó servizo, incluídos os franqueos postais.

29.- RÉXIME DE PAGOS: O pago efectuarase pola tesourería municipal, previa fiscalización pola Intervención e aprobación polo órgano competente, da factura correspondente con carácter mensual. A efectos do cómputo do prazo de aboamento previsto no R.D.L. 2/2000, fíxase como data de expedición das certificacións ou facturas a da súa presentación no Rexistro.

No suposto de que pola Administración se observen erros ou defectos na factura presentada e se requira a súa rectificación, os prazos interromperanse ata o momento en que os mesmos sexan rectificadados.

30.- MODIFICADO DO CONTRATO: Poderase modificar o obxecto do contrato coa finalidade de engadir tarefas de colaboración coa Administración para a xestión e recadación de outros ingresos de dereito público en vía executiva e/ou de apremio, tomando como base os prezos establecidos na cláusula 3.B).

31.- PRAZO DE GARANTÍA: Será de seis meses a contar desde o remate do contrato, durante o que

o Concello poderá solicitar do adxudicatario tanta información e documentación fose necesaria. Se durante este prazo se acreditase a existencia de vicios ou defectos, a Administración terá dereito a reclamar do contratista a súa subsanación, de conformidade co disposto no art. 213.2.3.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2000.

32.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA: Transcorrido o prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato ou resolto este sen culpa do contratista, dictarase acordo de devolución da garantía ou cancelación do aval.

33.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO: Son causas de resolución do contrato as previstas nos art. 111 e 214 do RDL 2/2000, de 16 de xuño. A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista e cos efectos establecidos nos art. 112, 113 e 215 do mencionado Real Decreto.

34.- SIXILO SOBRE O CONTIDO DO CONTRATO: Aos efectos do art. 111.h) do Real Decreto 2/2000, o contratista ten a obriga de gardar sixilo respecto dos datos relacionados co contrato.

35.- NATUREZA DO CONTRATO, XURISDICCIÓN COMPETENTE E RÉXIME XURÍDICO: En todo o non previsto no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño e o Regulamento Xeral de Contratación (Real Decreto lexislativo 1098/2001, do 12 de outubro), e no seu defecto ás normas de Dereito privado, tendo o contrato natureza administrativa polo que será a xurisdicción contencioso-administrativa a competente para resolver as cuestións que xurdan entre as partes, que quedan sometidas á xurisdicción do domicilio do Concello de Cambados.

CAMBADOS, 16 de Xunio do 2006.
O ALCALDE,

ASDO: José Manuel Cores Tourís.

CERTIFICADO DE INTERVENCIÓN

M^a Carmen Vidal Pérez, como Interventora do Concello de Cambados, CERTIFICA que:
Nos Orzamentos do exercicio económico do 2006, actualmente vixentes, existe consignación orzamentaria suficiente na partida 121.227.02 para o financiamento do contrato para a xestión e recadación das multas de tráfico en período voluntario e executivo do Concello de Cambados.

En Cambados a 16 de xunio de 2006.

**CONTRATACION DE ASISTENCIA TECNICA PARA O SERVIZO DE XESTION E
RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRAFICO EN PERIODOS VOLUNTARIO E
EXECUTIVO.**

INFORME DE SECRETARIA E INTERVENCIÓN

ANTECEDENTES

I. Existe prego de cláusulas administrativas particulares redactado para a contratación do "**SERVIZO DE XESTION E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRAFICO EN PERIODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO.**", cun orzamento total indicativo dun ano, de TRINTA E OITO MIL CINCOCENTOS CORENTA E CINCO EUROS (38.545,00.-Euros). Existe igualmente prego de prescripcíons técnicas redactado ao efecto.

II. A Interventora de Fondos manifesta no seu informe de 16 de xunio do 2006, que existe consignación suficiente na Partida 121.227.02 do Orzamento Municipal do 2006 para atender os gastos da devandita asistencia técnica.

III. Foi redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares determinándose como forma de adxudicación o procedemento aberto e ordinario mediante concurso.

INFORME

PRIMEIRO. Trátase dun contrato de natureza administrativa, polo que a lexislación aplicable ven esencialmente determinada nas seguintes disposicións:

- Art. 88 da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL.
- A lexislación básica que lle sexa de aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, de conformidade coa disposición final primeira.
- Con carácter supletorio no non básico, o Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Art. 118 e ss. do RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

SEGUNDO. Competencia para contratar.

A contratación desta asistencia técnica réxese pola normativa reguladora da contratación administrativa, igual ao resto dos contratos do Concello.

Legalmente atribúense ao Alcalde as contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Presuposto nin, en calquera caso, os 6.010.121,04 Euros; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do Presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (artigo 21.1.ñ da Lei 7/1985, de 2 de abril).

Polo tanto correspóndelle á Alcaldía aprobar o expediente de contratación e de apertura do procedemento de adxudicación, ordenar o gasto, aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e mailo de Prescricións Técnicas; todo de conformidade cos artigos 11.2, 67, 69 e 49.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2000. Non obstante, estas competencias, dacordo co sinalado na mesma Lei, neste Concello están delegadas na Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO. Expediente de contratación.

Nel figuran os documentos precisos a que fan referencia os artigos 11 e 67 do Real Decreto Lexislativo 2/2000.

CUARTO. Publicidade e adxudicación.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e mailo de Prescricións Técnicas, redactados especificamente para este contrato conteñen todos os extremos que dispón o RDL 2/2000 e adecúanse ás esixencias desta contratación, polo que se informa favorablemente en canto á legalidade das súas cláusulas.

A súa aprobación corresponde á Xunta de Goberno Local por ser o órgano de contratación competente no expediente que se informa e ha de exporse ao público no B.O. da Provincia e no D.O.G. polo prazo de quince días; simultaneamente e dentro do prazo da devandita exposición poderá publicarse tamén o anuncio de licitación.

A vista da contía do presuposto de licitación, procede a tramitación da contratación correspondente mediante concurso público, de conformidade coa lexislación vixente.

Establece o RDL 2/2000 (art.93.1) o deber de notificar a adxudicación aos participantes na licitación, así como o de comunicar dita adxudicación ao Rexistro Público de Contratos. O mesmo artigo, na liña 4 establece os supostos nos que poderá omitirse o anuncio do resultado da adxudicación.

A publicación da licitación farase no BOP e no DOG, non procedendo, por razón da contía, no DOCE.

Desta elemental exposición cabe formular a seguinte CONCLUSION:

Infórmase favorablemente o expediente de contratación da asistencia técnica para **"SERVIZO DE XESTION E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRAFICO EN PERIODOS**

VOLUNTARIO E EXECUTIVO", nos termos expostos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime pertinente.

Cambados, a 16 de xunio de 2006.

O SECRETARIO

A INTERVENTORA

Asdo: Fernando Torre Comesaña

M^a Carmen Vidal Pérez.